

**PREGUNTA DE AER RELATIVO A VAROS ASUNTOS. (Rex. Entrada 24.10.2017, 2017-E-RPLN-6).**

PLENO 26 OUTUBRO DE 2017. ACTA 012/2017

**1) Sobre a proposta final inexistente de Regulamento dos Consellos Parroquiais.**

*No pasado pleno de xullo de 2017 AER realizou a seguinte pregunta:*

*Despois dun dilatado e interminable proceso para a elaboración dun novo regulamento dos consellos parroquiais municipais.*

*Para cando poderemos contar co borrador final da proposta da modificación do regulamento?*

*Sendo a resposta: O Sr Ballesteros: no mes de setembro.*

*Atopándonos obviamente a finais do mes de outubro, e tomando a palabra do Sr. Ballesteros, preguntamos:*

***Reitérase vostede na súa palabra de que a proposta da modificación do regulamento de consellos parroquiais municipais estará dispoñible no mes de setembro (do ano 2017, enténdase) ou confirma que o goberno local non é quen de concretar cando se decidirá a proporcionar o susodito borrador?***

<p><i>O sr. Alcalde di que existen informes pendentes en Secretaría. Estamos na fase de recabar informe xurídico, porque existiron cambios no departamento. Hai moita carga de traballo, moi importantes outros temas que están enriba da mesa.</i></p>
---